

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Economía, Facenda e Réxime Interior

Aprobación definitiva modificación Ordenanzas fiscais 2016

O Pleno Municipal, en sesión celebrada o día 29 de outubro de 2015, aprobou a modificación das Ordenanzas Fiscais para o ano 2016. Transcorridos os prazos de exposición pública sen presentarse alegación algunha, a modificación enténdese definitivamente aprobada, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2016, logo da publicación no Boletín Oficial da Provincia do texto da mesma, que é o seguinte:

“I. Modificar a ordenanza fiscal número 1, reguladora do imposto sobre bens inmóbeis:

a. Engádese un novo epígrafe no artigo 2 coa seguinte redacción:

a) Establecer unha bonificación do 50% da cuota íntegra do imposto para os inmobles nos que se instalaron sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía provinte do sol. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación poia administración competente.

b. Engádese un epígrafe c) ao artigo 3, exencións, coa seguinte redacción:

c) os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos devanditos centros e o no momento da posta a disposición dos terreos por parte do Concello para a construción dos mesmos se teña asinado un convenio coa Administración titular do centro que comprometa ao Concello a conceder esta exención. A exención deberá ser solicitada anualmente pola Administración titular do centro sanitario e deberá achegar:

- certificación na que se acredite que o centro está directamente afecto ao cumprimento dos fins específicos dos centros sanitarios.

- copia do convenio asinado co Concello no que se estableza a obriga do Concello de establecer esta exención.

II. Modificar a ordenanza fiscal número 3, reguladora do imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

a. Modificar o artigo 1, feito imponible, que pasará a ter a seguinte redacción:

Artigo 1.- Feito imponible

1. O imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana é un tributo directo que grava o incremento de valor que experimenten estes terreos e se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da propiedade dos terreos por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos terreos.

2. Non está suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos para efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeis. En consecuencia con isto, está suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de urbanos, para efectos deste Imposto sobre Bens Inmóbeis, con independencia de que estean ou non contemplados como tales no Catastro ou no padrón daquel. Para os efectos deste imposto, estará así mesmo suxeito a este o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmóbeis clasificados como de características especiais para efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeis.

3. Non se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de achegas de bens e dereitos realizados polos cónxuxes á sociedade conxugal, adxudicacións que ao seu favor e no pagamento delas se verifiquen e transmisións que se fagan aos cónxuxes en pagamento dos seus haberes comúns.

Tampouco se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de transmisións de bens inmóbeis entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentenzas nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal sexa o réxime económico matrimonial.

4. Non se devengará o imposto con ocasión das achegas ou transmisións de bens inmoables efectuadas a Sociedade de Xestión de Activos procedentes da Reestructuración Bancaria, S.A. regulada na disposición adicional sétima da Lei 9/2012, de 14 de novembro, de reestructuración e resolución de entidades de crédito, que se lles transferira, de acordo co establecido no artigo 48 do Real Decreto 1559/2012, de 15 de novembro, polo que se establece o réxime xurídico das sociedades de xestión de activos.

Non se producirá o devengo do imposto con ocasión das achegas ou transmisións realizadas pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestructuración Bancaria, S.A., a entidades participadas directa o indirectamente por dita Sociedade en a lo menos o 50 por cento do capital, fondos propios, resultados ou dereitos de voto da entidade participada no momento inmediatamente anterior a transmisión, ou como consecuencia da mesma.

Non se devengará o imposto con ocasión das achegas ou transmisións realizadas pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestructuración Bancaria, S.A., ou polas entidades constituídas por esta para cumprir co obxecto social, os fondos de activos bancarios, a que se refire a disposición adicional décima da Lei 9/2012, de 14 de novembro.

Non se devengará o imposto polas achegas que se produzan entre os citados Fondos durante o período de tempo de mantemento da exposición do Fondo de Reestructuración Ordenada Bancaria os Fondos, previsto no apartado 10 de dita disposición adicional décima.

Na posterior transmisión dos inmoables entenderase que o número de anos o longo dos cales se puxo de manifesto o incremento do valor dos terreos non se interrompeu por causada transmisión derivada das operacións previstas neste apartado.

b. Modificar o artigo 3, exencións, que pasará a ter a seguinte redacción:

Artigo 3.- Exencións

1. Estarán exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia dos seguintes actos:

a) A constitución e transmisión de dereitos de servidume.

b) As transmisións de bens que se encontren dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico- Artístico, o foran declarados individualmente de interese cultural, segundo o establecido na Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que realizaron ao seu obras de conservación, mellora ou rehabilitación nos mencionados inmoables. Para estes efectos, a ordenanza fiscal establecerá os aspectos substantivos e formais da exención.

c) As transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario o garante do mesmo, para a cancelación de débedas garantidas coa hipoteca que recaían sobre a mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos o créditos hipotecarios.

Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda na que concorran os requisitos anteriores, realizadas nas execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.

Para ter dereito á exención se require que o debedor ou garante transmitinte ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar a enaxenación da vivenda, de outros bens ou dereitos na contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumirase o cumprimento de este requisito. Non obstante, si con posterioridade se comprobara o contrario, procederase a xirar a liquidación tributaria correspondente.

A estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela na figure empadroadado o contribuínte de forma ininterrompida durante, a lo menos, os dous anteriores anos a transmisión ou dende o momento da adquisición si dito prazo dose inferior os dous anos.

Respecto o concepto de unidade familiar, estarase o disposto na Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das Leis de Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio. A estes efectos, equiparase o matrimonio coa parella de feito legalmente inscrita.

2. Así mesmo, estarán exentos deste imposto os correspondentes incrementos de valor cando a obriga de satisfacer aquel recaia sobre as seguintes persoas ou entidades:

a) O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais, ás que pertenza o municipio, así como os organismos autónomos do Estado e as entidades de dereito público de análogo carácter das comunidades autónomas e destas entidades locais.

b) O municipio da imposición e demais entidades locais integradas ou nas que se integre este municipio, así como as súas respectivas entidades de dereito público de análogo carácter aos organismos autónomos do Estado.

- c) As institucións que teñan a cualificación de benéficas ou de benéfico-docentes.
- d) As entidades xestoras da Seguridade Social e as mutualidades de previsión social reguladas na Lei 30/1995, de 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.
- e) Os titulares de concesións administrativas reversibles respecto aos terreos afectos a estas.
- f) Cruz Vermella Española.
- g) As persoas ou entidades a favor das que se recoñece a exención en tratados ou convenios internacionais.

III. Modificar a ordenanza fiscal número 5, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras: engádesse un artigo 5, bonificacións, coa seguinte redacción:

Artigo 5. Bonificacións.

Terán unha bonificación do 70% as construcións, instalacións e obras declaradas de especial interese e utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá tal declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorábel da maioría simple dos seus membros.

IV. Modificar a ordenanza fiscal número 14, reguladora da taxa por distribución de auga.

1. Engadir un apartado segundo ao artigo 3, cota tributaria, coa seguinte redacción:

Se no período de facturación se constata a existencia dunha fuga de auga na rede interna de subministro do abonado e o volume facturado ten unha consideración desproporcionada en virtude da devandita fuga, os tipos de gravame do terceiro tramo de consumo (>55 m³/trimestre) serán os establecidos para o segundo tramo (de 30 a 55 m³/trimestre) para os abonados domésticos.

Para os abonados non domésticos os tipos de gravame do terceiro tramo (>100 m³/trimestre) serán os establecidos para o segundo tramo (de 30 a 100 m³/trimestre)

A estes efectos, terá a consideración de volume desproporcionado aquel que reúna os seguintes requisitos:

- que o volume facturado sexa superior ao quíntuplo do volume medio dos períodos de facturación inmediatos anteriores que representen o ciclo de un ano de facturación. Cando o abonado doméstico careza dun histórico de consumo anterior de 1 ano debido á súa recente data de alta no servizo, o volume medio de consumo de 1 ano anterior calcularase en función do número de persoas (por defecto, consideraranse 3) e tendo en conta unha dotación de 151 litros por persoa ao día.

Cando o abonado non doméstico careza de un histórico de consumo anterior de 1 ano debido á súa recente data de alta no servizo, o volume medio de consumo de 1 ano anterior calcularase por estimación obxectiva por parte da entidade subministradora.

- que os técnicos da entidade subministradora verifiquen que efectivamente o consumo desproporcionado foi debido a unha fuga na instalación interior do abonado e que este procedeu á reparación da devandita fuga no prazo de unha semana dende que a entidade subministradora lle comunicara o consumo excesivo.

2. Modificar o artigo 6, bonificacións, no que se renumeran os apartados do mesmo, se modifica o momento de solicitude da bonificacións e se engade un apartado denominado modulación da contía en función da capacidade económica, coa seguinte redacción:

1. Bonificación familias numerosas.

1.1. As familias numerosas de categoría especial terán unha bonificación na taxa por consumo de auga do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 60 m³.

1.2. As familias numerosas de categoría xeral terán unha bonificación na taxa por consumo de auga do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m³.

1. 3. A bonificación só será aplicable á vivenda habitual do contribuínte.

1.4. Os suxeitos pasivos que, cumprindo os requisitos establecidos, pretendan obter a bonificación regulada neste apartado, deberán presentar unha solicitude antes do comezo do período impositivo trimestral en que se pretenda que comece a mesma. No caso de alta no servizo, a solicitude de bonificación presentárase conxuntamente coa solicitude de alta. Coa mesma deberá achegarse a seguinte documentación:

-Copia compulsada de título de familia numerosa expedido polo órgano competente.

-Certificado de empadramento do titular da familia numerosa, referido á situación existente a 31 de decembro do ano inmediato anterior, na que consten os membros da unidade familiar que conviven no inmovible para o que se solicita bonificación.

1.5. A bonificación concedida terá efectos durante o ano natural no que se insta a súa concesión, debendo solicitarse a prórroga nos anos sucesivos, achegando a documentación que acredite que se seguen cumprindo os requisitos para a súa obtención. As prórrogas deberán ser solicitadas antes do 31 de xaneiro de ano para o que se solicite a bonificación.

2, Modulación da cuantía en función da capacidade económica. Os cidadáns que se atopen en risco de exclusión, terán unha bonificación na taxa por consumo de auga, coas seguintes especificacións:

2.1. Aqueles suxeitos pasivos da taxa integrantes dunha unidade familiar na que todos os seus membros se atopen en situación de desemprego e non perciban ningún tipo de prestación, subsidio, prestación non contributiva ou axuda familiar do INEM. terán dereito a unha bonificación do 100% sobre o consumo de 150 litros ao día por cada persoa que resida na vivenda.

2.2. Aqueles suxeitos pasivos da taxa que sexan beneficiarios do RISGA, terán dereito a unha bonificación do 50% sobre o consumo de 150 litros ao día por cada persoa que resida na vivenda.

2.3. A acreditación de risco de exclusión realizarase mediante informe dos servizos sociais municipais, de acordo cos criterios establecidos no regulamento de acceso as prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social, aprobado en sesión plenaria celebrada o 29 de agosto de 2013 e publicado no BOP 242 de 20 de decembro de 2013.

2.4. A bonificación só será aplicable á vivenda habitual do contribuínte.

2.5. Os suxeitos pasivos que, cumprindo os requisitos establecidos, pretendan obter a bonificación regulada neste apartado, deberán presentar unha solicitude antes do comezo do período impositivo en que se pretenda que comece a mesma. No caso de alta no servizo, a solicitude de bonificación presentarse conxuntamente coa solicitude de alta. Coa mesma deberá achegarse a documentación requirida no mencionada regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais.

2.6. A bonificación concedida terá efectos durante o ano natural no que se insta a súa concesión, debendo solicitarse a prórroga nos anos sucesivos, achegando a documentación que acredite que se seguen cumprindo os requisitos para a súa obtención. As prórrogas deberán ser solicitadas antes do 1 de xaneiro de ano para o que se solicite a bonificación.

Culleredo, 18 de decembro de 2015

O Alcalde

Asdo.: Julio Sacristán de Diego

2015/12279